

## COMISIÓN DE SEGUIMIENTO - ACORDO DO SPIF Xuntanza do 03/04/2024

A xuntanza da comisión de seguimento tivo por obxecto o estudo e concreción das bandas horarias resultantes da aplicación do “**Acordo de condicións de traballo dos postos de persoal funcionario do SPIF**” aprobado na Comisión de Persoal do 12 de febreiro do presente ano.

Na xuntanza de hoxe, a **Dirección Xeral de Defensa do Monte (DXDM)** deu resposta ás alegacións das organizacións sindicais **CCOO, CSIF e UGT**.

**Proposta inicial da Administración** secuencia de rotación por semanas (T1-T1-M-M-N1-T2-T1-M-M-N2), coas seguintes bandas horarias:

Quenda de tarde		Quenda de mañá		Quenda de noite	
T1	14:00 a 24:00 h.	M	08:00 a 18:00 h.	N1	22:00 a 08:00
T2	18:00 a 04:00 h.			N2	23:00 a 09:00

**Proposta sindical** fundaméntase en dúas premisas:

1. A **simplificación e redución** das bandas horarias mediante o establecemento dun único tramo horario asignado a cada quenda de mañá, tarde o noite (**07:00 a 17:00, 15:00 a 01:00, 23:00 a 09:00**).
2. E por outra banda, a aplicación dunha **rotación semanal de Tarde, Mañá e Noite**.

**Proposta actual**, a **DXDM** nos comunica que modifica a súa postura inicial, **aceptando unha parte substancial das nosas alegacións**. Polo tanto, a nova proposta de bandas horarias da Consellería para todas ás categorías pasa a ser seguinte:

Quenda de tarde		Quenda de mañá		Quenda de noite	
T	15:00 a 01:00 h.	M	08:00 a 18:00 h.	N	23:00 a 09:00

Respecto ás rotacións sobre ás bandas horarias, á Consellería mantén a necesidade de contar con máis medios nos tramos horarios que aconsellan ás series históricas de inicio e estabilización de lumes, polo que mantén a súa proposta inicial, coa simplificación de bandas horarias, coa seguinte secuencia semanal: **T-T-M-M-N-T-T-M-M-N**.

### Observacións á proposta da Administración:

- **Elimínase a quenda de 18:00 a 04:00 e aceptan a nosa proposta para ás quendas de tarde e noite.**
- **Horario de mañá:** a DXDM mantén que é necesaria a banda de 08:00 a 18:00 pola maior incidencia de inicio de lumes e estabilización dos mesmos nas horas finais desa quenda, tal e como reflexan ás series históricas. Dende ás tres centrais sindicais, entendendo ós argumentos da Administración, **mantivemos que o horario de 07:00 a 17:00 ten a vantaxe de posibilitar un solape de dúas horas.** O tema segue aberto e non desbotamos poder chegar a unha solución de consenso.
- **Horas nocturnas:** podemos valorar a proposta da Administración dado que os criterios técnicos expostos parecen axeitados e se aceptan as nosas propostas de bandas horarias coa modificación da quenda de tarde de 15:00 a 01:00. Estas modificacións nos aportan un **resultado de horas nocturnas anuais totais** que cumpre coas reivindicacións de CSIF, CCOO e UGT.
- **Quendas Centros de Coordinación/Puntos de Vixilancia:** a proposta da Administración e que as bandas horarias e secuencias sexan as mesmas que o resto de especialidades do servizo.
- **Quendas Bombeiros Forestais Condutor de Motobomba:** como excepción aos avances acadados até o de agora, **queda por estudar as bandas horarias desta especialidade.** Aquí os problemas son maiores, tanto polo número de postos de persoal funcionario existentes, coma pola súa distribución xeográfica nas diferentes demarcacións forestais. Acordamos que, na próxima xuntanza, dende **UGT, CCOO e CSIF** presentaríamos varias alternativas que garantan o dereito dos B.F. Conductores/as de Motobomba á aplicación do acordo sen discriminacións e cunhas bandas horarias que aseguren a viabilidade e operatividade das súas funcións.
- Por último, con respecto ás **Brigadas Helitransportadas**, a Consellería non parece entender a proposta achegada dende as tres centrais sindicais e mantén a súa proposta inicial. As organizacións **CCOO, CSIF e UGT** lembrámoslles que as alegacións remitidas contan con un amplo respaldo entre o persoal do ámbito e que deben ser valoradas de novo.

A seguinte xuntanza da Comisión celebrarase o vindeiro mércores 10 de abril.

Santiago de Compostela, 03 de abril de 2024